

## MOVEMENTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS

### Recomendacións para as probas de ABAU do 2024.

De acordo coas disposicións legais que se teñen dado a coñecer o pasado día 7 de setembro, o grupo de traballo de Movementos Culturais e Artísticos informa que, de cara as vindeiras probas da ABAU 2024, atendendo á obriga de axustar os contidos do currículo, salvo instrucións noutro sentido, á Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro que establecen a ordenación e o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022), terán a seguintes características:

Documentos que rexerán a estrutura da proba:

**1.- Documento 1.**

**Relación de conceptos** concorrentes no bloque 1 -Aspectos xerais-.

**2.- Documento 2.**

**Selección das obras nas que se debe facer especial incidencia**, que cubren os bloques 2 -Natureza, arte e cultura-, 3 -A arte dentro da arte-, 4 -A arte nos espazos urbanos- e 5 -Linguaxes artísticas contemporáneas-.

**3.- Documento 3.**

**Listaxe de temas dos bloques:** 2 -Natureza, arte e cultura-, 3 -A arte dentro da arte-, 4 -A arte nos espazos urbanos- e 5 -Linguaxes artísticas contemporáneas-.

A estrutura da proba, salvo posterior indicación ministerial noutro senso, rexerase polo seguinte esquema:

O exame **consta de CATRO PREGUNTAS das que o alumnado contestará DÚAS.** Cada pregunta componse de dous apartados. No primeiro escollerá entre facer a **análise e comentario dunha obra** das que figuran no **Documento 2** ou **desenvolver un tema** dos recollidos no **Documento 3**. No segundo apartado **definirá dous dos catro conceptos propostos**, incluídos na listaxe do **Documento 1**.

## MOVEMENTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS

As preguntas seguirán o seguinte esquema:

### 1. Análise e comentario dunha obra ou desenvolvemento dun tema.

Polo que respecta á análise e comentario **da obra**, deberá realizar unha **identificación**, é dicir, unha clasificación do autor, nome da obra, movemento artístico ou cultural e cronoloxía (1 punto). Tamén deberá levar a cabo unha **contextualización histórico-artística** (1 punto), **cultural** (1 punto) e **comentario** da obra (1 punto).

Neste primeiro apartado poderá obterse **un máximo de 4 puntos**.

### 2. Definición de conceptos.

Neste apartado definirá **dous dos catro** termos propostos.

Neste apartado poderá obterse **un máximo de 1 punto** (0.5 por concepto).

A **estrutura do exame** quedaría do seguinte xeito:

### PREGUNTA

1. **Analiza e comenta a obra ou desenvolve o tema (4 puntos)**/ *Analiza y comenta la obra o desarrolla el tema (4 puntos).*
2. **Define dous dos catro conceptos (1 punto, 0,5 por concepto)** / *Define dos de los cuatro conceptos (1 puntos, 0,5 por concepto).*

Para calquera dúbida podedes contactar connigo no meu correo electrónico.

Santiago de Compostela, a 30 de outubro de 2023.  
Begoña Fernández Rodríguez (begona.fernandez@usc.es).